

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL PARA A PROMOCIÓN DO CONSUMO DE TURISMO RURAL E A COMERCIALIZACIÓN DIXITAL DOS ALOXAMENTOS RURAIS DE GALICIA NO ANO 2024

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Francisco Xabier Almuíña Chorén, con DNI 36046892G, actuando en nome e representación da **Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR)**, con CIF V36442804, e na que exerce a presidencia.

Interven en razón dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas e que lles atinxen, e conveñen en nome das entidades que representan o que segue.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea dita Axencia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do mesmo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que FEGATUR, constituída como organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, ten por finalidade principal a promoción do turismo rural de Galicia así como o fomento, a dinamización e a mellora das accións e actividades empresariais relacionadas co turismo rural das persoas asociadas, sendo, hoxe en día, a entidade máis representativa do sector.

Terceiro.- Segundo recolle o Plan de Acción da Estratexia do Turismo Rural de Galicia, auspiciado pola Axencia, este busca fomentar o turismo rural coa fin de consolidar unha oferta turística sostible e de calidade, referente da imaxe da nosa Comunidade a nivel global e cun significativo valor estratéxico na sostibilidade económica, social e do patrimonio natural e cultural do rural galego. É por iso, que nel se consideran aspectos relevantes, a creación de experiencias, a xeración de ofertas diferenciadoras para distintos públicos obxectivo, o fomento da cooperación público-privada, así como o apoio ao impulso e reforzo do asociacionismo no sector.

Cuarto.- No 2024, o turismo de experiencias e o turismo de maiores han ser, segundo recollen diversos estudos de mercado, dúas das modalidades máis demandadas polas persoas viaxeiras. Ambas medrarán de maneira exponencial grazas á súa grande capacidade de crecemento e, segundo parece, esta tendencia hase ver intensificada nos vindeiros meses. Igualmente, tal e como adiantan as tendencias de viaxes, gañan tamén peso a procura de experiencias en grupos reducidos, sobre todo no vinculado ao turismo cultural, o deportivo, o de saúde ou o enogastronómico.

Así mesmo, se ben o perfil das persoas consumidoras segue a ser diverso, como usuarias, dito perfil é cada vez máis tecnolóxico, informado, esixente e cunha implicación cada vez maior na confección das viaxes.



Galicia, grazas á súa climatoloxía, está a ser un destino cada vez máis escollido ao ofrecer estadias e espazos de lecer libres do estrés térmico que un grande número das persoas que habitan a península veñen padecendo en longos períodos do ano. Por iso, e dada a maior demanda de diversificación de produtos turísticos e de cara a seguir avanzando no desenvolvemento dun turismo sostible, convén ter moi en conta dita circunstancia e aproveitala.

Polo que atinxe ao turismo de maiores, convén lembrar e salientar que en todo o Estado xa son máis de nove millóns as persoas pensionistas e que o seu poder adquisitivo é moito máis elevado que hai anos.

No que se refire á procedencia das persoas viaxeiras, un dato a ter en conta dada a súa relevancia é o de que a maioría seguirán tendo a súa orixe no ámbito nacional. Asemade, por prezo e proximidade, ven rexistrándose un significativo aumento na demanda de viaxes en trens de alta velocidade, consecuencia en boa medida do crecente compromiso das persoas viaxeiras coa sostibilidade.

Quinto.- Os aloxamentos de turismo rural son unha opción diferenciadora, sostible e de calidade e conforman unha privilexiada rede en lugares emblemáticos da nosa terra.

Dado que cada vez máis persoas procuran aloxamentos deste perfil en Galicia, faise preciso seguir amosando e valorizando a bondade e a calidade dos elementos que diferencian a dita oferta.

A colaboración que, desde hai catro anos, se vén establecendo entre a Axencia de Turismo de Galicia e a FEGATUR, vén permitindo promover o coñecemento e o intercambio de información e propostas entre ambas, coas persoas propietarias dos establecementos de turismo rural, o colectivo dos distintos axentes que interveñen no sector turístico e o consumidor final que é, ao fin, o público obxectivo.

Cómpre, pois, seguir implementando e reforzando as liñas de acción establecidas no antedito plan.



Sexto.- Na estratexia de Promoción do Consumo de Turismo Rural, coa intención de sorprender con produtos innovadores e experienciais e buscando a sostibilidade e a desestacionalización das ofertas, a FEGATUR vén en propoñer para este ano 2024, a posta en marcha de tres liñas prioritarias de acción:

LIÑA 1. Promoción do consumo de turismo rural

LIÑA 2. Formación

LIÑA 3. Márketing e comercialización dixital a través da plataforma galiciaturismorural.es e alento á comunicación

Sétimo.- O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) de cara á implementación de tres liñas prioritarias de promoción do Consumo de Turismo Rural e a Comercialización Dixital dos aloxamentos rurais de Galicia, ao longo do ano 2024, e que se concretará do seguinte xeito:

LIÑA 1. Promoción do consumo de turismo rural:

Iniciativa 1: "O valor da experiencia rural".

Iniciativa catalizadora de economía rural coa que a Federación diseña e pon en marcha unha acción sinérxica entre os aloxamentos rurais e actividades de enogastroturismo, saúde e benestar, cultura e patrimonio. As ofertas poderán ser dirixidas e levadas a cabo ben polas persoas propietarias, ben en colaboración con axentes locais. Unha vez elaboradas e integradas nas súas fichas, as mesmas ofrecerán os servizos de aloxamento e manutención canda aos das experiencias no entorno. A iniciativa "O valor da experiencia rural" xirará en torno á seguinte acción:

Acción: "Saberes, sabores e sentires"

A través desta acción procúrase o achegamento das persoas viaxeiras aos saberes e sentires das persoas que viven no rural e aos sabores, aromas e texturas dos produtos que se cultivan, crían, producen ou elaboran no rural, sexa no da Galicia interior, sexa na Galicia costeira. Así incluírá algunha experiencia de cata e ou degustación enogastronómica e mesmo a



participación das persoas viaxeiras en actividades culturais, tradicionais ou de natureza na contorna das casas. A acción proposta, que iniciará a súa andaina en tres xeodestinos, desenvolverase nos meses de maio e xuño do 2024.

Iniciativa 2: "Galicia, turismo Rural Sostible"

Iniciativa que busca xerar oferta cos valores propios do rural e coa sostibilidade como fío condutor, contribuíndo a exemplificar que é iso da sostibilidade, a circularidade ou o respecto a canto conforma o ecosistema que habitamos.

A elaboración e promoción de ofertas destas características, cada vez máis demandadas, permitirá que máis persoas viaxeiras dispoñan, ademais de servizos de aloxamento e manutención de calidade, de actividades saudables e de benestar. Desenvolverase a través da seguinte acción:

Acción: "Benestar para estar ben"

Inclúe prácticas de baños de bosque, de ioga, de espiritualidade, *mindfulness* ou meditación. Ofrecen vivencias únicas que mesturan valores universais con outros que de sempre a xente do común vén practicando no rural. Desenvolverase de febreiro a novembro do 2024.

Con estas iniciativas o que se pretende é:

- Fortalecer unha oferta de turismo rural diferenciada e diferenciadora.
- Potenciar a cooperación privada- privada.
- Coordinar accións con diferentes axentes turísticos.
- Impulsar a conciencia de destino turístico.
- Apoiar os emprendementos turísticos no medio rural.
- Promover experiencias de creación de redes colaborativas.
- Reforzar a Federación como elemento potenciador da oferta e do posicionamento.

A posta en marcha das propostas posibilitará ter un maior contacto con públicos diversos (maiores, familias, *singles*, etc.) aos que se lles ofrecerán recursos novidosos e atraentes, en épocas diferentes, ca fin de acadar a súa fidelización.



Con esta nova concepción da oferta refórzanse, ampliáanse e complementáanse as accións que nestes derradeiros catro anos se viñeron realizando con novidosas campañas de promoción, comunicación e comercialización que, grazas ao apoio da Axencia de Turismo de Galicia, a Federación vén xestionando e dinamizando.

Todas estas actuacións han servir de mostra e pauta de vindeiras edicións da proposta, contribuíndo, de paso, á súa consolidación e á efectiva desestacionalización da oferta e ao incremento dos niveis de ocupación do turismo rural de Galicia. FEGATUR prevé a súa consolidación e libre comercialización a partires do 2025.

LIÑA 2. Formación

A formación é un elemento primordial para a instauración de boas prácticas e a mellora continua nos aloxamentos de turismo rural. Tamén á hora de incorporar novos coñecementos no uso de recursos, sexan estes ferramentas tecnolóxicas, achegas estatísticas, habilidades de comunicación, xestión de queixas ou mesmo deseño dun plan de márketing.

En Galicia contamos coa Escola Superior de Hostalaría disposta a brindar a formación que nos diversos eidos se precise. Mais se a mesma é útil e relevante para a mellora, tamén o é achegarse dun xeito personalizado e colaborativo a profesionais que, ben pola súa traxectoria, ben polo xeito de organizarse, nos permiten aprender da súa experiencia e bo facer.

Constatado que ditas experiencias compartidas fan posible construír un turismo rural máis cohesionado, forte e diferenciado, que ademais serve para fomentar o alto valor engadido dunha oferta renovada, a FEGATUR pretende pór en marcha unha nova edición de "Ollando o Turismo rural canda a quen vive e sabe del", iniciativa nacida da man da FEGATUR no 2022 e que está a achegar coñecemento e mellora na profesionalización das persoas propietarias de establecementos de turismo rural, grazas á súa participación na acollida e nos espazos de encontro propostos.

Trátase de encontros entre persoas propietarias de aloxamentos de turismo rural de Galicia e doutras comunidades do Estado.



LIÑA 3. Márketing e comercialización dixital a través da plataforma galiciaturismorural.es e alento á comunicación tradicional

A plataforma galiciaturismorural.es, como escaparate do turismo rural de Galicia, permite a consulta da ficha dos establecementos asociados á FEGATUR. Naqueles que dispoñen da licencia de Ruralgest, pódense facer as reservas directas na web do aloxamento e naqueles que non contan con dita licencia, dispónse a información de contacto. Asemade, aqueles aloxamentos asociados que desexan traballar con axencias de viaxe, previa sinatura de acordo entre as partes, dispoñen dunha ficha na que estas poden consultar características, dispoñibilidade, prezos e servizos e xestionar directamente as reservas.

Faise pois imprescindible soster o mantemento da páxina web na que se integra o motor de reservas para ofrecer información sobre aloxamentos adheridos facilitando, asemade, a incorporación de novas ferramentas e novos establecementos.

No eido do márketing dixital e o posicionamento da plataforma, faise necesario o desenvolvemento e posta en marcha dunha estratexia orgánica, froito da combinación de ferramentas SEO, márketing de contidos a través do blog e mesmo a comunicación en redes sociais.

Se ben unha parte cada vez máis significativa da poboación é cada vez máis "dixital", segue existindo un público, en especial representado por persoas maiores, que utiliza as canles tradicionais. Por tanto, precísase deseñar e por en marcha campañas específicas nas Redes Sociais, ademais de levar a cabo accións de promoción tradicionais – folletos, presenza en eventos deportivos, gastronómicos, etc.-.

A participación en medios -intervencións e entrevistas en prensa, radios e televisións-, a elaboración de notas de prensa, reportaxes, vén permitindo unha mellora e máis ampla relación cos medios profesionais e a difusión no eido rexional e nacional, o que, sen dúbida, está a facilitar darlle máis voz e presenza global ao Turismo Rural de Galicia e a reforzar a imaxe das institucións vencelladas ao mesmo.



Todas estas accións obxecto do convenio serán ofertadas aos aloxamentos rurais con sede en Galicia, con independencia da súa condición de socios da entidade asinante do presente convenio.

Oitavo.- Constátase que, tanto para os establecementos integrados na plataforma www.galiciaturismorural.es, como para o resto, segue a ser necesario crear novos produtos turísticos baseados en experiencias, apoiar a innovación e a mellora e o reforzo dixital, e mesmo pór en marcha un redeseño máis acorde cos contidos, facendo, de paso, un maior fincapé na desestacionalización e na sostibilidade.

Tamén se reitera a necesidade de seguir contribuíndo ao posicionamento do Turismo Rural de Galicia, reforzando labores de comunicación -redacción de notas de prensa e reportaxes que sirvan de apoio á difusión das diferentes iniciativas. Deste xeito ofrecerase un enfoque novo a través da xeración de contidos de valor e interese para as persoas viaxeiras.

Noveno.- Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para a sinatura deste convenio.

Dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a FEGATUR a entidade que maior representatividade ostenta no turismo rural de Galicia e a única que pode desenvolver dito obxecto.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) de cara á



implementación de tres liñas prioritarias de promoción do Consumo de Turismo Rural e a Comercialización Dixital dos aloxamentos rurais de Galicia, ao longo do ano 2024, e que son:

LIÑA 1. Promoción do consumo de turismo rural

LIÑA 2. Formación

LIÑA 3. Márketing e comercialización dixital a través da plataforma galiciaturismorural.es e alento á comunicación tradicional

Todas estas liñas de acción obxecto do convenio serán ofertadas aos aloxamentos rurais con sede en Galicia, con independencia da súa condición de socios da entidade asinante do presente convenio.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 120.000,00 € (IVE incluído), co seguinte detalle:

LIÑA 1. Promoción do consumo de turismo rural:

CONCEPTO	IMPORTE
Iniciativa: O valor da experiencia rural	
Acción: Saberes, sabores e sentires	21.600,00 €
Iniciativa: "Galicia, turismo Rural Sostible"	
Acción: Benestar para estar ben	9.500,00 €
Acción: Dinamización e xestión das actividades de promoción	14.545,00 €
TOTAL	45.645,00 €

LIÑA 2. Formación:

CONCEPTO	IMPORTE
Acción formativa Ollando o Turismo rural canda a quen vive e sabe del	6.000,00 €



TOTAL	6.000,00 €
--------------	-------------------

LIÑA 3. Márketing e comercialización a través de galiciaturismorural.es e empuxe da comunicación tradicional

CONCEPTO	IMPORTE
Venta online: motor de reserva e ferramenta de axencias de viaxes	8.470,00 €
Mantemento da web	6.050,00 €
Posicionamento orgánico (SEO). Estratexia combinada	17.424,00 €
Web e márketing de contidos	7.260,00 €
Campañas específicas en redes sociais	14.520,00 €
Dinamización e xestión das actividades do proxecto	14.631,00 €
TOTAL	68.355,00 €

RESUMO DO ORZAMENTO:

CONCEPTO	IMPORTE
LIÑA 1. Promoción do consumo de turismo rural	45.645,00 €
LIÑA 2. Formación	6.000,00 €
LIÑA 3. Márketing e comercialización a través de galiciaturismorural.es e empuxe da comunicación tradicional	68.355,00 €
TOTAL	120.000,00 €

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento



estimado previsto na presente cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e se compensen entre elas.

A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo 120.000,00 €, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, procedente dos orzamentos xerais da Comunidade de Galicia para o ano 2024.

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta da entidade a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Cuarta.- Compromisos das partes

1. A Federación, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, así como a xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración



a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A



entidade beneficiaria será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamentos

A Federación, segundo se establece nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, estará obrigada a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión



da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Federación remata o **30 de novembro de 2024**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Pagamentos anticipados e a conta



Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a Federación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cubra o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000 €, de conformidade co artigo 65.4.i).

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Federación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece



o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Federación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo terceira.- Causas de Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Perda do dereito ao cobramento da subvención



1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas



resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Publicidade e Rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante), comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Por FEGATUR

José Manuel Merelles Remy

Francisco Xabier Almuíña Chorén

